

MARTA GIRALDEZ BARRAL (1 para 2)
Presidenta
Data de Sinatura: 21/07/2020
HASH: 32b94278e9c2b531e883ad30362b54e0e



Maria Carmen Merino Moina (2 para 2)
Secretaria-Interventora
Data de Sinatura: 21/07/2020
HASH: 804a1ef9ab1b9d2c08cdd312ce936



CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SUBMINISTRO PARA A INSTALACIÓN SOLAR FOTOVOLTAICA DE AUTOCONSUMO INSTANTÁNEO NA ESTACIÓN DE TRATAMENTO DE AGUA POTABLE DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS.

PROCEDEMENTO ABERTO, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, TRAMITACIÓN URXENTE.

ORZAMENTO BASE: 99.096,06 €; IVE: 20.810,17 €; TOTAL: 119.906,23 €

DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

Vista a Orde do 19 de decembro de 2019 pola que se establecen os criterios de repartición e se establecen as base reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2020, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.

Vista a Resolución, con data de 22 de xuño de 2020, da secretaria xeral técnica, por supuencia da persoa titular da Dirección Xeral de Administración Local pola que se acorda conceder á Mancomunidade do Salnés unha subvención para o proxecto denominado: "SALNES MEDIOAMBIENTAL VIII: instalación solar fotovoltaica de autoconsumo instantáneo na estación de tratamiento", por un importe de 119.906,23 € (IVE incluído) para o orzamento de investimento, dos cales 83.934,36 € son financiados pola Xunta de Galicia a través do Fondo de Compensación Ambiental Axencia e 35.971,87 € pola Mancomunidade do Salnés.

Vista a necesidade de levar a cabo a contratación da subministración de módulos fotovoltaicos e a correspondente estrutura para a instalación solar fotovoltaica de autoconsumo instantáneo na estación de tratamiento de auga potable da Mancomunidade do Salnés.


Visto o expediente de contratación do subministro incoado, por procedemento aberto, para a instalación solar fotovoltaica de autoconsumo instantáneo na estación de tratamiento de auga potable da Mancomunidade do Salnés.

Vista a declaración de urxencia do expediente de contratación, por canto o investimento debe estar executado e xustificado a 31/10/2020.

Redactados o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Proxecto técnico, existindo consignación suficiente na aplicación presupostaria 20.172.609.00, cunha subvención de 119.906,23 €, financiada pola Xunta de Galicia a través do Fondo de Compensación Ambiental por importe de 83.934,36 €, e pola Mancomunidade do Salnés por importe de 35.971,87 €, realizándose por este importe unha reserva de crédito, e emitidos os informes de Secretaría e Intervención.

Á vista das características e do importe do contrato, óptase pola adxudicación mediante procedemento aberto.

Á vista do expediente de contratación tramitado.



Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido no artigo 117 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, esta PRESIDENCIA **RESOLVE**:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, do suministro para a instalación solar fotovoltaica de autoconsumo instantáneo na estación de tratamento de auga potable da Mancomunidad do Salnés.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación presupostaria 20.172.609.00

TERCEIRO.- Aprobar o Proxecto técnico, coa corrección do erro material seguinte: na cláusula “11: plazo de ejecución” onde di 1 ano, debe dicir 2 meses.

CUARTO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.

QUINTO.-Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público para a presentación de ofertas durante o prazo de 15 días naturais dende o día seguinte ao da publicación.

SEXTO.- Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico.

Cambados, á data da sinatura electrónica.

A PRESIDENTA,

Marta Giráldez Barral

A SECRETARIA,

M^a Carmen Merino Moína

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Cod. Validación: 9YRS6HDTTKWHS7HD5WDZIVNC9 | Corrección: <https://mancomunidaddesalnes.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.esPúblico | Páxina 2 a 2

